SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máissinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moicomúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súaidade e o seu nivel escolar..
SLEB2.3. Desenvólveseentendendo o suficiente e facéndose entender en situaciónsmoihabituais relacionadas coa xestión e transacciónsmoisinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máiscomúns para a súaidade e o seu nivel escolar
SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facerinvitacións e ofrecementoselementais (invitar a ir a unhaactividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicaciónsmoi básicas para ir a un lugar.
SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moicotiáns (horarios dun museo, maneirade chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.
SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturasmoi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas

| **PUNTUACIÓN/ ASPECTOS** | **2.5** | **1.75** | **1** | **0** |
|---|---|---|---|---|
| LEXICO | Utiliza vocabulario axeitado durante todo o discurso. O seu contido é pertinente con respecto ao tema proposto. Repertorio lingüístico amplo. | Utiliza vocabulario axeitado durante case todo o discurso. O seu contido é bastante pertinente con respecto ao tema proposto. Repertorio lingüístico bastante amplo. | Utiliza vocabulario axeitado en parte do discurso. O seu contido non édemasiado pertinente con respecto ao tema proposto. Repertorio lingüístico limitado. | Non utiliza vocabulario axeitado durante o discurso. O seu contido non é pertinente con respecto ao tema proposto. Repertorio lingüístico moi limitado. |
| PRONUNCIACIÓN | Enténdeselle claramente e amosa unha boa pronunciación. Boa entonación. | Enténdeselle con bastante claridades e amosa unha aceptable pronunciación. Entonación aceptable. | Amosa unha pronunciación comprensible a pesar de non ser totalmente clara. Entoación non moi boa. | A súa pronunciación resulta difícil de entender.Falta de entoación. |
| FLUIDEZ E COHERENCIA | O discurso flúe de xeito natural e sen interrupcións e resulta claro e coherente. | O discurso flúe de xeito bastante natural e con poucas interrupcións e resulta bastante claro e coherente. | O discurso non flúe de xeito totalmente natural e hai bastante interrupcións. Ten unha coherencia e claridade limitada. | O discurso non flúe de xeito natural e hai hai abundantes interrupcións. Resulta confuso. |
| CORRECCIÓN GRAMATICAL | Utiliza correctamente as estructuras gramaticais correspondentes ao seu nivel. | Utiliza con bastante corrección as estructuras gramaticais correspondentes ao seu nivel. | Utiliza de maneira axeitada algunhas estructuras gramaticais correspondentes ao seu nivel. | Non utiliza correctamente as estructuras gramaticais correspondentes ao seu nivel. |

| | |
|---|---|
| (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patrónsmoi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.<br>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convenciónsorais e escritas básicas propias da linguaestranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. | |
| **Bloque 3. Comprensión de textos escritos** | |
| SLEB 3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.<br><br>SLEB 3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estruturamoisinxela, especialmente se contan con apoio visual.<br><br>SLEB 3.3. Comprende información básica e moisinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moicotiáns e propios da súaidade.<br><br>SLEB 3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moisinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súaidade e á súa experiencia. | 1. O alumnado debe respostar a unha serie de preguntas sobre un texto escollendo entre as distintas opcións que se llepropoñen. Tamén pode ter que completar unha serie de oracións referidas ao texto nas que se lle ofrecen varios posibles finaisdebendo elixir a opción correcta.<br>2. A un texto quítanselleunha serie de oracións que o alumnado debe despois volver a colocar nos lugares adecuados.<br>3. Fanseunha serie de preguntas ao alumnado sobre un texto e deben respostar en que parágrafo do texto se atopa a resposta a esas preguntas.<br>4. O alumnado debe dicir se determinadas afirmacións referidas a un texto son verdadeirasou falsas.<br>5. Propóñenselleunha serie de textos ao alumnado e varios resumos de cada un deles; deben escoller o resumo máisaxeitado para cada texto.<br>6. A un texto de certalonxitudeelimínanselleunha serie de parágrafos; posteriormente o alumnado debe poñer en orde eses parágrafos que lle faltan ao texto orixinal. |

## Bloque 4. Produción de textos escritos

SLEB 4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregandoexpresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súaidade e do seu nivel escolar.
SLEB 4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoalmoi básica e relativa aosseus datos persoais, aosseus intereses ouássúasafeccións.
SLEB 4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetaspostais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixitalmoisinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.
SLEB 4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndounha palabra ou expresión por outra para unhafuncionalidadeou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada

SLEB 5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturasmoi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patrónsmoi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

SLEB 5.2. Utiliza adecuadamente as convenciónsorais e escritas básicas propias da linguaestranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.

SLEB 5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e

| **PUNTUACIÓN/ ASPECTOS** | **2.5** | **1.75** | **1** | **0** |
|---|---|---|---|---|
| LEXICO | Utiliza un vocabulario variado, evitando repeticións innecesarias axeitado para o tema do que escribe. | Utiliza un vocabulario bastante variado, intentando evitar repeticións innecesarias, bastante apropiado par ao tema do que escribe. | Utiliza un vocabulario con certa variedade, non cometendo demasiadas repeticións innecesarias, e bastante axeitado para o tema do que escribe. | Non utiliza un vocabulario variado, non evitando repeticións innecesarias, e non é axeitado para o tema do que escribe. |
| PRESENTACIÓN | Os textos escritos teñen unha presentación moi coidada, utilizando con corrección as normas ortográficas e de puntuación, e coa información perfectamente organizada. Entrega sempre en prazo. | Os textos escritos teñen unha presentación coidada, utilizando con bastante corrección as normas ortográficas e de puntuación, e coa información ben organizada. Entrega habitualmente en prazo. | Os textos escritos teñen unha presentación non moi coidada, utilizando con desigual corrección as normas ortográficas e de puntuación, e coa información non moi ben organizada. Entrega poucas veces en prazo. | Os textos escritos teñen unha presentación moi pouco ou nada coidada, utilizando sen corrección as normas ortográficas e de puntuación, e coa información mal organizada. Entrega raramente en prazo. |
| ADECUACIÓN, COCHERENCIA E COHESIÓN | Pode escribir textos sinxelos e breves, axustados ás tipoloxias que se lle require, abaracando os diferentes aspectos propios desta tipoloxia e tema.Fluidez e transición axeitada entre as distintas partes. Texto cohesionado no seu conxunto cun uso axeitado dos signos de puntuación. | Pode escribir textos sinxelos e breves, axustados ás tipoloxias que se lle require, abaracando, na súa maior parte, os diferentes aspectos propios desta tipoloxia e tema.Aceptable fluidez e transición bastante axeitada entre as distintas partes. Texto bastante | Ás veces, pode escribir textos sinxelos e breves, axustados ás tipoloxias que se lle require, abaracando parte dos diferentes aspectos propios desta tipoloxia e tema.Certa fluidez e transición aceptable entre as distintas partes. Texto cunha certa | Non é quen de escribir textos sinxelos e breves, axustados ás tipoloxias que se lle require, abaracando os diferentes aspectos propios desta tipoloxia e tema. Non hai fluidez nen transición axeitada entre as distintas partes. Texto |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| traballados previamente. | | | cohesionado no seu conxunto cun uso bastante axeitado dos signos de puntuación. | cochesion no seu conxunto cun uso aceptable dos signos de puntuación. | non cohesionado no seu conxunto cun uso non axeitado dos signos de puntuación. |
| | CORRECCIÓN GRAMATICAL | Escribe con gran corrección gramatical, ao non cometer erros e utilizar construccións que se corresponden co nivel que se lle require. | Escribe con bastante corrección gramatical, ao non cometer erros graves e utilizar, na súa maior parte, construccións que se corresponden co nivel que se lle require. | Escribe con certa corrección gramatical, ao non cometer erros moi graves e utilizar algunhas construccións que se corresponden co nivel que se lle require. | Non escribe con corrección gramatical, ao cometer numerosos erros e non utilizar construccións que se corresponden co nivel que se lle require. |

## Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

| | PUNTUACIÓN/ ASPECTOS | 2.5 | 1.75 | 1 | 0 |
|---|---|---|---|---|---|
| SLEB 5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutraslinguas. | ORGANIZAR A INFORMACIÓN | Discrimina a información útil, trátaa de forma crítica e relacióanaa con outros apartados. | Discrimina a información útil, trátaa de forma crítica e pero non a con outros apartados. | Discrimina a información útil, pero non a traballa críticamente. | Copia literalmente a información sen traballar na súa selección. |
| | ESQUEMATIZAR E ORGANIZAR | Dalle forma ao esquema, recoñece os contidos básicos e organizaos e xerarquizaos de forma axeitada. | Organiza e xerarquiza con bastante corrección omitindo algún dato. | Parte da información non está ben organizada nen xerarquizada e omite algún dato. | Ten dificultades para organizar e xerarquizar a información. |
| | DISERTAR SOBRE TRABALLOS PROPIOS E ALLEOS | Medita sobre a repercusión do tema e elabora disertacións ben estruturadas e argumentadas aportando opinións persoais. | Medita sobre a repercusión do tema e elabora disertacións bastante ben estruturadas e argumentadas aportando algunhas opinións persoais. | Elabora unha disertación suficientemente estruturada e argumentada con algunha opinión persoal. | Mostra desinterese polo tema e desenvólveo sen estrutura clara e escasamente argumentado. |
| | AVALIACIÓN DO TRABALLO PROPIO E | Avalía criticamente o traballo propio e alleo utilizando | Avalía criticamente o traballo propio e alleo mais ás | Avalía o traballo propio e alleo a través de xuízos simple sen aportar | Non é quen de avaliar nin o traballo propio nin |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ouculturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ALLEOS | fortalezas e deficiencias do mesmo. | veces non recoñece erros relacionados coa redacción deficiente, pobreza léxica, coherencia, argumentacións... | explicacións convincentes. | o alleo. |
| | PARTICIPACIÓN CONSTRUCTIVA | Participa activamente nas tarefas do grupo e a súa participación ten coma finalidade o éxito global do grupo; ao mesmo tempo consegue que os demais membros do grupo participen de forma construtiva | Adoita participar activamente nas tarefas do grupo e a súa participación habitualmente ten coma finalidade o éxito global do grupo; ao mesmo tempo pode conseguir que os demais membros do grupo participen de forma construtiva | Habitualmente participa mais ou menos activamente nas tarefas do grupo e a súa participación adoita ter coma finalidade o éxito global do grupo; ao mesmo tempo pode conseguir que os demais membros do grupo participen de forma construtiva | Nunca ou case nunca participa nas tarefas do grupo e tampouco fai que os demais membros de grupo participen de fora construtiva. |
| | COLABORACIÓN, COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE | Colabora co resto dos membros do grupo cooperando con eles nas tarefas do traballo e amosa solidariedade con aqueles que atopan dificultades. | Habitualmente colabora co resto dos membros do grupo cooperando con eles nas tarefas do traballo e adoita amosar solidariedade con aqueles que atopan dificultades. | Con certa frecuencia colabora co resto dos membros do grupo cooperando con eles nas tarefas do traballo e ás veces amosa solidariedade con aqueles que atopan dificultades. | Na maioría das veces non colabora co resto dos membros do grupo cooperando con eles nas tarefas do traballo e non amosa solidariedade con aqueles que atopan dificultades. |
| | RESPETO E TOLERANCIA | Amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar. | Adoita amosar respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e na maioría das ocasións intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar. | Con frecuencia amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e ás veces intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar. | Poucas veces ou nunca amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e non intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar. |
| | COMPROMISO INTEGRIDADE E TOLERANCIA | Implícase nos obxectivos do grupo de traballo, comparte o seu coñecemento e información co resto dos membros e é responsable na | A maioría das veces implícase nos obxectivos do grupo de traballo, adoita compartir o seu coñecemento e información co resto dos membros e adoita | Implícase con frecuencia nos obxectivos do grupo de traballo, comparte a seu coñecemento e información co resto dos membros e adoita | Non acostuma implicarse nos obxectivos do grupo de traballo, nin compartir o seu coñecemento e información co resto dos membros e pode |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | súa aportación ó grupo. | ser honesto e responsable na súa aportación ao grupo. | ser honesto e responsable na súa aportación ao grupo. | non ser honesto e responsable na súa aportación ao grupo. |

**CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS**

Expresión de relacións lóxicas: conxunción (et); disxunción (ou); oposición (mais); causa (comme); finalidade (pour); comparación (le plus, le moins); consecuencia (alors); explicativas (parce que).

Relaciónstemporais (d'abord, ensuite, il y a).

Exclamación (quel + nom !, désolé !) ; interxección (si! Bravo !).

Negación (pas de, rien).

Interrogación (inversión (V+ Suj.); réponses (si, pron. tonique + oui/non).

Expresión do tempo: presente; presente progresivo (être en train de); pasado (passécomposéavecavoiretêtre sans accords); futuro (futurproche). Introdución do condicional (fórmula de cortesía: jevoudrais).

Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: souvent); incoativo (aller + Inf.).

Expresión da modalidade: factualidade (phrasesdéclaratives); capacidade (savoir);Posibilliade/probabilidade (peutêtre); necesidade (ilfaut); obriga/prohibición (ilfaut, verbedevoir, imperativo); permiso (pouvoir, demander); intención/desexo (jevoudrais) ; cortesía.

Expresión da existencia (il y a, iln'y a pas); a entidade (p. ex. articlescontractés, pronomsréfléchis, adjectifsdémonstratifs); a posesión (adxectivos posesivos dun e de varios propietarios);a cualidade (formación regular e irregular dos adxectivos).

Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; articlespartitifs). Adverbios de cantidade e medidas (un (toutpetit) peu, trop, pas assez + Adj., une boîte, un paquet); o grao.

Expresión do espazo (prépositionsetadverbes de lieu (sur, sous,…), position, distance, mouvement, di- rection, provenance (venir+ contraction de), destination (aller + contraction à).

Expresión do tempo: puntual (demainmatin, jeudisoir); divisións (en (année)); indicacións de tempo (demain, hier); duración (de…jusqu'à, en ce moment); anterioridade (il y a…);posterioridade (après); secuenciación (à partir de); frecuencia (d'habitude, une/deux/… fois par…).

Expresión do modo

## 2º E.S.O PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E RÚBRICAS

| | | |
|---|---|---|
| **APELIDOS:**<br>**NOME:** | **2º ESO**<br>**Grupo: .................** | Foto |
| Enderezo: | Data nacemento: | |
| Materias pendentes / repetición curso: | Teléfono: | |

| | | |
|---|---|---|
| Sep.-Oct. | Janv. | Avril |
| Nov. | Fév. | Mai |
| Déc. | Mars | Juin |

| **a) APRENDIZAXES** | | **1ª avaliación** | **2ª avaliación** | **3ª avaliación** |
|---|---|---|---|---|
| Gramática, vocabulario e expresión e comprensión escrita | (70 %) | | | |
| Comprensión oral (écoute), lectura e cuestións de comunicación | (20 %) | | | |
| **Nota aprendizaxes :** | | | | |

| |
|---|
| **b) ACTITUDE(1 pto)** |
| **Realización dos deberes- Caderno** (completo) **- Lecturas e actividades**<br>**Actitudena aula:** respetar as indicacións do profesor/a; uso do francés esforzándose por mellorar; aproveitamento do tempo; respetar os turnos de palabra; saber consultar só o libro e o diccionario para resolver dúbidas; participación |

| **NOTA AVALIACIÓN:** | | | |
|---|---|---|---|

| **CUALIFICACIÓN FINAL:** | XUÑO | **XUÑO FINAL** |
|---|---|---|
| | | |

| DECISIÓN PROMOCIÓN: | **P** | **P.O.** | **NP** |
|---|---|---|---|

| **Observacións** |
|---|
| |

| | |
|---|---|
| **1º TRIMESTRE** | PROBAS ESCRITAS |
| | **NOTAS DE ORAL:** mínimos:realización de diptongos, entonación de frases interrogativas e exclamativas, cons.finales |
| | **ACTITUDE:** deberes, traballona aula, comportamento |
| **2º TRIMESTRE** | PROBAS ESCRITAS: |
| | **NOTAS DE ORAL:** mínimos:realización de diptongos, entonación de frases interrogativas e exclamativas, cons.finales |
| | **ACTITUDE:** deberes, traballona aula, comportamento |
| **3º TRIMESTRE** | PROBAS ESCRITAS: |
| | **NOTAS DE ORAL:** mínimos:realización de diptongos, entonación de frases interrogativas e exclamativas, cons. finais |
| | **ACTITUDE:** deberes, traballona aula, comportamento |

| VALORACIÓN DE EXPRESIÓN ORAL | | MOI BEN (1 pto) | BEN (0,75 ptos) | REGULAR (0,5 ptos) | MAL (0,25 ptos) |
|---|---|---|---|---|---|
| Expresión oral- ¿Cómo fala? | 1. Claridade, intensidade e entoación: fala despacio, con voz clara e entoación adecuada para que se lleentenda. | | | | |
| | 2. Correción formal na expresión oral e riqueza do vocabulario. Exprésase con frases que teñen sentido, sen muletillas; Emprega un vocabulario rico e moi adecuado para o tema | | | | |
| | 3. Grao do coñecemento e dominio do tema: comprende be a información na que traballou e amosa o dominio do tema; Contesta adecuadamente ás preguntas prantexadas. | | | | |
| | 4. Orden e coherencia: A exposición está correctamente estructurada e secuenciación e informa adecuadamnete de tódolos apartados | | | | |

| VALORACIÓN DO CADERNO DE CLASE | | MOI BEN (1 pto) | BEN (0,75 ptos) | REGULAR (0,5 ptos) | MAL (0,25 ptos) |
|---|---|---|---|---|---|
| Presentación | 1. Limpeza e coidado: aspecto aseado, sen manchas ou tachaduras. Bo estado de conservación, enteiro e sen rasgaduras | | | | |
| | 2. Caligrafía: letra lexible e coidada, ben alineada e respectando as marxes | | | | |
| Contido | 3. Está completo: Contén tódolos apartados necesarios incluindo no seu caso as correccións | | | | |
| | 4. Expresión escrita: Sen faltas de ortografía, escritura correcta do vocabulario.. | | | | |

## 7.2 Criterios de cualificación e promoción do alumnado

Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

A normativa establece que o alumnado de educación secundaria obrigatoria ten dereito a tres sesións de avaliacións parciais e a unha avaliación final.

Tal e como indica a Orde do 27 de decembro de 2022, a sesión de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria deberá realizarse **a partir** do día 22 de xuño de 2023 e deberá coincidir coa sesión da terceira avaliación parcial.

É competencia de cada centro establecer a data exacta para ámbalas dúas.

As distintas actividades de recuperación para o alumnado que non superara algunha parte da materia deben levarse a cabo con anterioridade suficiente a estas datas.

O alumnado ten a obriga de asistir ás clases ata o 21 de xuño inclusive e o profesorado debe cumprir as súas funcións e o seu horario e darlle a debida atención educativa.

O alumnado será avaliado por medio de probas escritas e orais (que nos amosarán a súa evolución nas 4 destrezas CO, CE, EO e EE). Ademais disto teremos en conta o seu traballo cotián e a súa actitude. O alumnado, para poder superar a materia e promocionar, debe acadar un resultado igual a 5 ou superior. A avaliación é continua, así que a nota final ten que ser igual ou superior á da terceira avaliación.

A nota da avaliación final será a media das cualificacións obtidas nas distintas avaliacións e a evolución do alumno/a ao longo do curso. O sistema de cualificación será o seguinte: Insuficiente (1-4); Suficiente (5); Ben (6); Notable (7-8) e Sobresainte (9-10).

O sistema de avaliación desta materia é continuado o que implica que os contidos da avaliación precedente forman sempre parte da seguinte avaliación. O alumno vai superando as dificultades da materia pouco a pouco, sen necesidade de facer exames de recuperación.

Polo tanto, en principio, non se fan exames de recuperación, pensando tamén nas dúas horas semanais de media coas que conta a materia. Se unh@ alumn@ suspende unha avaliación, pode recuperala aprobando a seguinte. Este sistema, inherente á aprendizaxe dunha lingua, beneficia sempre aos alumnos que se esforzan e que tratan de superarse. Porén, queda a criterio da docente, a realización dalgunha proba suplementaria que poida considerar necesaria.

**Actividades de titoría**: O Departamento de Francés non ten titorías na ESO.

**Observacións:**

O alumnado deberá acadar unha nota mínima de 3 puntos na proba de gramática para poder facer media co resto das notas.

www.edu.xunta.gal/centros/iespedrofloriani
ies.pedro.floriani@edu.xunta.es
Teléfonos: 886 120 413 // 886 120 416

## 7.3. Procedementos e instrumento de avaliación.

A avaliación ha de ser o máis obxectiva posible e para isto hai que ter en conta o criterio máis importante nunha lingua estranxeira: conseguir que os alumnos se comuniquen en francés.

As técnicas e **procedementos** para avaliar han de ser múltiples e variados:

a) Uso da lingua francesa nas interaccións habituais da aula.

b) Participar en conversacións utilizando as estratexias de comunicación para iniciar, manter e facer progresar o discurso, en consonancia coseu nivel de lingua.

c) Extraer a información global de mensaxesorais e escritas en situación de comunicación cara a cara.

d) Extraer a información global e específica de textos auténticos, distinguindo entre feitos e opinións.

e) Realización das tarefas no tempo establecido.

f) Presentación adecuada das tarefas

g) Evolución no traballo diario o longo do curso.

h) Ler de maneira autónoma extraendo información xerais específicas.

i)Redactar textos sinxelos, respectando as consignas de traballo e as normas de comunicación escrita.

j) Amosarcapacidade de identificación, discriminación e inferencia na comprensión e produción de mensaxesorais e escritas.

k) Manexar as TIC no aprendizaxe autónomo da lingua, no uso e na procura de información.

Dentro dos **instrumentos** de avaliación destacamos os seguintes:

a. Caderno de clase.

b. Fichas de revisión gramatical.

c. Fichas de producción escrita que impliquen a revisión e o emprego do léxico estudado.

d. Puntualidade, corrección e limpezana entrega de traballos.

e. Probas de comprensión oral.

f. Probas de comprensión escrita.

g. Probas de expresión oral.

h. Probas de expresión escrita.

i. Probas de verificación de contidosgramaticais.

O alumno ha de ser avaliado desde a perspectiva do traballo cotián e da súa participación nas actividades. Tamén se terá en conta a realización dos exercicios de clase que constitúen a práctica progresiva do traballado na aula. É imprescindible polo tanto que no seu caderno aparezan as actividades realizadas e corrixidas.

Os controis deben insistir sobre o practicado na clase.O sistema de avaliación continuada implica que os contidos da avaliación precedente forman sempre parte da seguinte avaliación. O alumno vai superando as dificultades da materia pouco a pouco, sen necesidade de facer exames de recuperación.

Polo tanto, en principio, non se fan exames de recuperación, pensando tamén nas dúas horas semanais de media coas que conta a materia. Se un alumno suspende unha avaliación, pode recuperala aprobando a seguinte. Este sistema, inherente ó aprendizaxe dunha lingua, beneficia sempre os alumnos que se esforzan e que tratan de superarse. Porén, queda a criterio da

docente, a realización dalgunha proba suplementaria que poida considerar necesaria.

En xuño os alumnos serán avaliados dos contidos mínimos esixidos en cada curso.

Os **instrumentos de avaliación** empregados en cada **avaliación** serán os seguintes:

a) **Dous exames escritos por avaliación**sempre que sexa posible ( os exames permitirán avaliar as seguintes destrezas da lingua (comprensión oral e escrita - expresión escrita).

b) **Unha proba oral por avaliación** adaptada ós aspectos comunicativos estudados que permita avaliar a expresión oral.

c) **Diversasactividades** realizadas ó longo do curso. O caderno do alumno será unha fonte de información para o profesor á hora da avaliación. Por iso, ó final de cada trimestre o profesor revisará que o caderno teña completadas e corrixidas as actividades realizadas, a lista de vocabulario que imos aprendendo, etc.

d) **unha actitude de traballo** na aula e **de respecto** polos compañeiros e pola profesora.

## 8. INDICADORES DE LOGRO

Todo proceso de avaliación mide no punto no que estamos con respecto ao noso obxectivo e sérvenos de referente para saber o que temos que mellorar para acadar as nosas metas. Os indicadores de logro serán unha ferramenta á hora de situarnos e indicarnos que é que o xa fixemos e o que aínda nos queda por mellorar. Así no contexto escolar podemos ter indicadores de logro tanto para o proceso de ensino-aprendizaxe dos rapaces coma na práctica docente.

Nos seguintes cadros recollemos modelos de indicadores de logro que nos guiarán neste curso 2022-2023.

### 8.1. Proceso de ensino-aprendizaxe.

| **INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO** | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contousecoapoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballona aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

## 8.2. Práctica docente

| **INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE** | **Escala** | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanseexplicaciónsxerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexiasmetodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianseestratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianseestratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécenseao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanseco alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselleao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seusacertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nasfuncións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | |

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUEMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.

Ao inicio de curso a Xefa de Departamento indicará ao alumnado con materias pendentes o procedemento a seguir para recuperar ditas materias que será o seguinte:

*Seguemento:* porase a disposición do alumnado unha serie de exercicios e actividades que deberán ser entregadas para a súa corrección nas datas fixadas polo departamento ( 1º trimestre, 2º trimestre e proba final). A Xefa de Departamento ocuparase de seguimento da materia pendente, facilitando todo o material necesario para a superación da materia.

*Recuperación da materia pendente:* O alumnado deberá entregar os exercicios facilitados pola Xefa de Departamento nas datas previstas. Os alumnos que, tras teren entregado o material no primeiro e segundo trimestre, obtiveran una cualificación superior a 5 puntos superará a materia pendente.

*Avaliación da materia pendente:* todo o alumnado que non teña entregado os materiaisna data fixadaou que non obtiveraunha cualificación positiva dos mesmos, terá que presentarse a unha proba no mes fixado pola Xefatura de Estudios en cada caso, que constará de EE, Léxico e Contidos e na que deberá obterunha nota igual ou superior a 5 para superar a materia.

## 10. PROCEDEMENTO PARA ACREDITACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

A avaliación inicial permite coñecer o nivel do alumnado eeste deberá amosarunha boa competencia nascatro destrezas comunicativas (expresión oral e escrita e comprensión oral e escrita). Aplicaranse probas de tipo escrito (exercicios de ocos, exerciciosgramaticais, lexicais, de comprensión textual, etc..e asimesmo probas de tipo oral (monólogo ou diálogo expresando unha experiencia personal, o resumo dun texto ou a descripción dunhaimaxe, etc…)
Se o alumnado amosa un nivel acorde ócorrespondente, traballaráco gruposeguindo o ritmo ordinario, nembargantes se o alumno non amosa un

nivel acorde ó do grupo deberá facerfóra das horas de docencia da materia as actividades que o profesor considere oportunas (fichas de reforzo teórico, fichas de comprensión escrita, fichas de reforzo de contidos, etc…) coa fin de acadaro nivel correspondente.

## 11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Tal e como mencionamos anteriormente a avaliación ten que ser formativa, é dicir, formar parte da aprendizaxe e situar ao alumno con respecto ao logro dos seus obxectivos. Neste senso temos que distinguir dous tipos de avaliación iniciais.

2º da ESO: Ao inicio de curso realizaranse unha serie de probas que abrangan todos os contidos mínimos esixibles e que nos permitirán ter una visión máis concreta do nivel do alumnado. No caso de que se detecten dificultades graves pódese aconsellar o cambio de materia ou calquera outra medida considerada oportuna polo departamento de Orientación.

Sen prexuízo do anteriormente dito o docente ten potestade para indicar material de reforzo ou ampliación en calquera momento do curso que o considere necesario.

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nos nosos grupos atopámonos unha diversidade interna que tal  e como indica o DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, podemos abordar da seguinte maneira:

<u>Medidas ordinarias:</u>

- Metodoloxíasbaseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión
- Adaptación dos tempos e instrumentos ouprocedementos de avaliación.
- Desdobramentos de grupos.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas específicos personalizados.

Ademais de todas as medidas anteriormente citadas guiarémonos por todos os protocolos elaborados pola Xunta de Galicia para a adaptación de tempos e instrumentos ouprocedementos de avaliación tales coma, por exemplo:

- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativos e sanitarios.
- Protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro autista (TEA).
- Protocolo para atención educativa ao alumnado de altas capacidades intelectuales.

## 13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

A formación do nosos alumnos ten que ser global no senso máis amplo da palabra polo que os coñecementos e competencias adquiridos non poden ser estancos e teñen que ter un fío condutor. Existen, pois, unha serie de elementos que son transversais a todas as materias traballadas en cada unha das etapas e que vertebran o proceso de aprendizaxe.

Dado que a materia de segunda lingua estranxeira desenvolve máis competencias que aprender a falar unha lingua, neste Departamento traballaremos, entre outros, valores coma a igualdade, a solidariedade, a cooperacion....

Por outra banda, na aprendizaxe de linguas é esencial amosar boas competencias tanto de comprensión coma de expresión. Para facer fincapé neste tipo de competencias, e entendendo a lectura como piar fundamental na aprendizaxe das linguas, o Departamento de Francésparticipará no proxecto denominado PLAN B organizado polo instituto. O obxectivo deste proxecto consiste en situar á biblioteca do centro como motor central da dinamización e do fomento da lectura e a cultura. Entre as iniciativas prantexadas, os alumnos adicarán unha hora lectiva ao mes á lectura. Neste sentido, o departamento de Francés colabora na cesión de horas adicadas a estas lecturas libres do alumnado.

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLAES.

Na medida do posible realizaremos saídas ó teatro, proxeccións de películas en versión orixinal, degustación de crêpes….etc.

## 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Nas reunións do Departamento de Francés procederase despois de cada trimestre a unha avaliación dos resultados.

Estes datos permítennos ter unha visión de conxunto que nos dará a oportunidade de reformular, flexibilizar e adaptar a nosa guía de traballo ao noso alumnado e á súa realidade.

Todas estas reflexións quedarán recollidas nas correspondentes Actas do Departamento e teranse en conta na elaboración da programación do ano seguinte.

## 16. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO PROXECTO LECTOR

Ler é importante nunha lingua estranxeira para recoñecer gráficamente a lingua oral, para ampliar o vocabulario, para reforzar as estruturas praticadas oralmente, para mellorar a pronunciación e a entoación, para aprender a interpretar un texto coa fin de extraer a información necesaria, para ter un modelo que axude ó noso alumnado a expresarse por escrito e tamén porque a lectura é un vehículo de coñecemento da lingua estranxeira. De aí que os métodos elixidos traballen de forma expresa a lectura propondo textos e actividades, de carácter lúdico e formativo. Ademais, o departamento propón outras lecturas, clasificadas por niveis, de diferentes coleccións, ás que todo o alumnado ten acceso na biblioteca do centro, así coma no departamento, par que todos os alumnos e alumnas que o desexen, de xeito voluntario, poidan lelos.

Carmen Pintos Andrés

Xefa de Departamento de Francés

Redondela, a 11 de febreiro de 2023